

ACTA DO PLENO EXTRAORDINARIO DA CORPORACIÓN, DO 28 DE XANEIRO DE 2020

Na Casa do Concello de Silleda, ás once horas do día **vinteito de xaneiro do ano dous mil vinte**, reúnese o Pleno da Corporación, en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Manuel Cuiña Fernández, (PsdeG-PSOE).

CONCELLEIROS:

D^a. Ángela María Troitiño Gil, (PSdeG-PSOE)
D^o Antonio Ferro Losada, (PSdeG-PSOE)
D^a Mónica González Conde, (PSdeG-PSOE)
D^o Jesús Taboada Lázara, (PSdeG-PSOE)
D^a María del Pilar Peón Iglesias, (PSdeG-PSOE)
D^o Klaus Brey Montaña, (PSdeG-PSOE)
D^o Ignacio Maril Pardo, (PP)
D^o Iván Calvo Fernández, (PP)
D^a María Jesús Rodríguez Lastres, (PP)
D^o Luis Juan Arceo López, (PP)
D^o Manuel Asorey Suárez, (PP)
D^a Ana Rosa Cornado Molina, (BNG)

INTERVENTOR: Leopoldo Moure Dopico

SECRETARIO: David García Lareo, Secretario acctal do concello (Decreto 08.03.2019), que da fe do acto.

ORDE DO DÍA

I) PARTE RESOLUTIVA

1º.-REXEITAMENTO DO CONCELLO DE SILLEDA DA ACTUALIZACIÓN DE VALORES CATASTRAIS.

2º.-INICIO DE TRAMITACIÓN PARA A MODIFICACIÓN A ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

II) PARTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO

3º.-SOLICITUDE REALIZADA AO MINISTERIO DE FACENDA PARA A ACTUALIZACIÓN DE VALORES CATASTRAIS.

4º.-MOTIVOS POLOS QUE NON FOI INCLUÍDO ESTE ASUNTO EN NINGUNHA COMISIÓN DE FACENDA NIN EN NINGÚN PLENO.



O Alcalde inicia a sesión do Pleno solicitado polo Grupo do Partido Popular indicando que vai a proceder dando contestación en primeiro lugar as dúas preguntas formuladas para despois proceder a debater e votar a parte resolutive.

En canto a pregunta: "*SOLICITUDE REALIZADA AO MINISTERIO DE FACENDA PARA A ACTUALIZACIÓN DE VALORES CATASTRAIS*" indica que recibeu escrito do Ministerio de Facenda para modificar a ponencia de valores, que ven sendo dun 3%, e decideuse comunicar o citado organismo o 26 de xuño de 2019.

En canto a pregunta: "*MOTIVOS POLOS QUE NON FOI INCLUÍDO ESTE ASUNTO EN NINGUNHA COMISIÓN DE FACENDA NIN EN NINGÚN PLENO*" sinala que non é unha cuestión que teña que ir a Pleno.

1º.- REXEITAMENTO DO CONCELLO DE SILLEDA DA ACTUALIZACIÓN DE VALORES CATASTRAIS.

Intervencións:

Polo Voceiro do PP, Sr. Maril Pardo, pregunta si sigue sin funcionar o sistema de gravación, e que leva solicitando en varias ocasións o arranxo do mesmo.

Que lle sorpredeu a noticia cando saíu publicada no BOE, que afecta os veciños e que non se lle dera traslado os portavoces municipais, cando xa no ano 2018 houbo unha revisión. Que esta actualización de valores mantívose en secreto ata súa publicación no BOE. Que é curioso que a primeira decisión que toma o Alcalde, despois de subirse o soldo o día 25, é solicitar que lle suban o IBI os veciños o día seguinte. Que os veciños aféctalle esta subida, xa que somos os que temos a taxa de IBI mais alta, casi unha diferenza do 20%, e lle parece lamentable tomar esa decisión sin facela pública. O mal está feito e pide que se rexeite e non se leve a efecto, adoptando as medidas necesarias. Que esta actualización de valores catastrais suporá unha subida no recibo do IBI no ano 2020 e seguintes, así como unha subida a pagar na liquidación das Plusvalías.

Pola Voceira do Grupo Mixto (BNG), Sra. Cornado Molina, indica que as dúas primeiras medidas deste goberno foron en primeiro lugar aumentar o soldo e o día seguinte subir impostos os veciños. Que nunca se notificou os grupos municipais, e que xa existe unha taxa elevada. Co catastrazo anterior xa se aumentou o IBI os veciños. Que agora entende as presas por aprobar os orzamentos e pregunta si vai haber mais subidas. Pregunta quen tomou o acordo, xa que non aparece nin nos Decretos, nin nas Xunta de Goberno Local nin en Pleno. Indica que no ano 2006 se baixou do 0,6 o 0,53 presumeu de baixar impostos, pero cando ela presentou a moción neste sentido non se baixou pola situación económica do Concello. Dí que mentir os veciños é moi grave e mentindo se gañan eleccións.

O Alcalde dí que hai dous puntos na orde do día. A ponencia de valores e o modificación do IBI. Coa ponencia de valores pasa como co imposto da basura. No servizo de recollida da basura subeu o gasto do mesmo pero non subira o recibo. A ponencia de valores do Concello de Silleda é do ano 1989, e ben se fai agora ou ben o goberno a fará subindo posiblemente mais. Que en concellos como Rodeiro, Agolada e Dozón a ponencia tamén é do ano 1989. Que unha vez realizada esta actualización, unicamente quedarán tres concellos na provincia de Pontevedra sin actualizar. Que o primeiro que se debe facer é regularizar a situación e despois baixar os tipos impositivos. Que algún



día tiña que chegar esta ponencia, e que si se houbera modificado fai 15 anos, aínda que fora o 1% agora sería menos. Que fai catro anos, seu partido gañou as eleccións con maioría, aínda que seis meses antes subiran o recibo da recollida de lixo. Que a solicitude da actualización da ponencia de valores realizouse atendendo a lexislación vixente, que esta non pode quedar sin actualizar; que todos os estamentos dín que deben actualizarse cada 5 ou 10 anos, e que non sempre ten que subir, algunhas veces baixa. Que é para adecuar o IBI o prezo de mercado, que unha vez regularizadas despois pode baixar o tipo. Que non pode estar o Concello cunha ponencia de valores do ano 1989. Que moitos Concellos, e de distintos cores políticos, solicitaron esta actualización. Que o Grupo do PP dí que non só incrementará o IBI senón tamén as plusvalías, e tamén lle vai a repercutir. Volve a indicar que estas actualizacións deben realizarse cada 5 ou 10 anos.

Turno de replica:

O Voceiro do PP, Sr. Maril Pardo, dí que parece que este tema non vai co Alcalde; que o dato clave é a subida de impostos no Concello. Xa no ano 2018 se actualizaron moito os valores. Que recrimina que se faga pola porta de atrás. Que na maior parte dos Concellos se suben e despois se baixan. Que o Alcalde un día se sube o soldo e o día seguinte sube os impostos os veciños. Que convocaron este Pleno por ser unha cuestión que interesa os veciños pero en cambio se convoca para as 11 da mañá, que colocáron carteis para informar os veciños desta convocatoria pero duraban postos cinco minutos; e dí que inténtase ocultar os veciños o que se fai e que vive do populismo. Que coas explicacións que dá o que vai a solucionar é meter as mans nos bolsillos dos veciños. Si as suben de oficio as subiran como a todo o mundo. Que solicitou esta actualización e non o explicou a ninguén, e o que debe intentar agora é paliar o dano que lle vai facer os veciños.

Pola Voceira do Grupo Mixto (BNG), Sra. Cornado Molina, dí que en canto a basura, houbo unha mellora no servizo. En canto o IBI, no rural págase o mesmo tipo que nas vilas, cando non contan cos mesmos servizos. Que nos últimos orzamentos ten en investimentos reais 142 mil euros, e o 99% das cousas fanse con subvencións doutras administracións. Que xa existen moitos valores catastrais actualizados, e si esta solicitude de actualización foi un acordo de goberno, pregunta onde está ese acordo.

O Sr. Alcalde-Presidente indica que moitas casas pagaban 30 euros e coa revisión que se fixo anteriormente tiveron que pagar 4 anos de atrasos. Que a subida anterior nada ten que ver con esta actualización. Cando se fixo o catastrazo, fíxose unha ronda polas parroquias explicando o mesmo, que os 70 % dos veciños lle baixou e pagou o outro 30% que non estaba o día; eso si foi unha regularización. A ponencia de valores regula o valor catastral de cada edificio/terreo. Que sempre dixo que primeiro débse regularizar a ponencia de valores e despois debater si se baixa o tipo. Neste caso tomouse a decisión entre intervención e o concelleiro de facenda, que é o Alcalde. En canto os carteis dí que non veu ningún e tampouco os quitou.

O Voceiro do PP, Sr. Maril Pardo, indica que o prazo para esta regularización abreuse no mes de xaneiro e si se tomara en prazo a decisión, esta sería antes das eleccións.

Pola Voceira do Grupo Mixto (BNG), Sra. Cornado Molina, pregunta porque non consta esta decisión en ningún libro.



Rematado o debate sométese a votación o "REXEITAMENTO DO CONCELLO DE SILLEDA DA ACTUALIZACIÓN DE VALORES CATASTRAIS", co seguinte resultado:

Votos a favor: 6 (5 votos do PP e 1 voto do BNG)

Votos en contra: 7 (7 votos do PSdeG-PSOE)

Abstencións: ningún.

O Pleno da Corporación, por maioría absoluta ACORDA rexeitar a petición formulada polo Grupo do PP de "REXEITAMENTO DO CONCELLO DE SILLEDA DA ACTUALIZACIÓN DE VALORES CATASTRAIS".

2º.- INICIO DE TRAMITACIÓN PARA A MODIFICACIÓN A ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

Intervencións:

Polo Voceiro do PP, Sr. Maril Pardo, solicita o inicio da tramitación para a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis, concretamente no seu artigo segundo no senso de rebaixar os tipos impositivos que se veñen aplicando no Concello de Silleda, modificando a súa redacción do seguinte xeito:

"Artigo segundo

1.- O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóveis aplicable ós bens de natureza urbana queda fixado no 0,40 por cento.

2.- O tipo de gravame no Imposto sobre Bens Inmóveis aplicable ós bens de natureza rústica queda fixado no 0,30 por cento.

3.- O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóveis aplicable os bens inmóveis de características especiais, definidos estes no artigo 2.7 da Lei 48/2002, de 23 de Decembro, Lei do Catastro Inmobiliario e sitios no termo municipal de Silleda, queda fixado no 1,3 por cento."

Dí que se dan as condicións para que se produza a rebaixa e que non se siga pedindo esforzos os veciños, que é un dos impostos que mais afecta e solicita que se rebaixe o mínimo que permite a Lei. Que é necesaria esta rebaixa para os veciños e polo tanto que se inicie o procedemento de rebaixa.

Pola Voceira do Grupo Mixto (BNG), Sra. Cornado Molina, dí que o seu grupo sempre solicitou a rebaixa do IBI e este tema xa se trouxo mais veces ó Pleno, así como o para go IBI por parte da igrexa.

O Sr. Alcalde-Presidente indica que realizarase o debate, no seu momento, de si se vai rebaixar o tipo ou non. Que hoxe non se van a tocar os tipos por non estar aínda en vigor a ponencia de valores. Cando se teñan os números reais se debatirá si hai que baixar o tipo. Con datos na man, a carga impositiva en Silleda era de 99 e pasa a 119, cando a media da provincia de Pontevedra é de 142 por habitante, como en Lalín. Da datos doutros concellos similares da provincia. Non se poden dar servizos sin carga impositiva; según o que se recauda así se poden dar servizos. Os préstamos solicitados polo



PP no ano 2005 páganse ata o no 2025. Que agora mesmo tense un tipo impositivo por debaixo da media de Pontevedra. Non se pode poñer o tipo impositivo das cidades, cando os veciños non teñen o mesmo poder adquisitivo.

Turno de replica:

Polo Voceiro do PP, Sr. Maril Pardo, dí que o Alcalde cambia de postura, que hoxe dí unha cousa e maña outra. Pregunta cantos inmobles hai por habitante neses concellos dos que fala. Que se collen os datos que interesan pero non é a situación real de moitos veciños, sobre todo no rural, que non contan cos mesmos servizos. Que o Alcalde dí cada pouco que non hai deuda e agora resulta que sí. Co remanente pódese pagar a deuda, que agora danse os orzamentos para facelo. Que deberíase recortar nalgún lado, xa que existe un despilfarro en obras, viaxes como os intercambios culturais. Incide en que hai moito onde recortar e moito que facer en obras. Que agora mesmo danse as condicións para a rebaixa solicitada.

Pola Voceira do Grupo Mixto (BNG), Sra. Cornado Molina, indica que non nada que ver o interior coa costa, xa que non costa o mesmo unha casa. Por esa regra, o concello de Lalín debería pedir unha actualización a baixa. En canto a deuda, o final págase en catro anos e non en dous como dixo en campaña. Ela refírese a rebaixa a rebaixa na urbana do rural. Non é de recibo subir os soldos dos membros do goberno a conta dos veciños. Que voltará traer a súa moción o Pleno.

O Sr. Alcalde-Presidente dí que o seu goberno goberna Silleda, non España; que non son responsables do que fan outros. Que él dixo que o poder adquisitivo en Silleda é maior que en Lalín, non que somos mais ricos. Eb canto a exposición do BNG dí que a media que él menciona é tamén con concellos do interior. Cada concello fai a súa política. Cando se leve a debate será sobre Silleda, sobre todo en urbana e rústica, e non sobre outros concellos.

O Voceiro do PP, Sr. Maril Pardo, dí que nada impide que se inicie esta tramitación.

A Voceira do Grupo Mixto (BNG), Sra. Cornado Molina, sinala que sabe a deuda non é súa.

Rematado o debate sométese a votación o "INICIO DE TRAMITACIÓN PARA A MODIFICACIÓN A ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES", co seguinte resultado:

Votos a favor: 6 (5 votos do PP e 1 voto do BNG)

Votos en contra: 7 (7 votos do PSdeG-PSOE)

Abstencións: ningún.

O Pleno da Corporación, por maioría absoluta ACORDA rexeitar a petición formulada polo Grupo do PP de "INICIO DE TRAMITACIÓN PARA A MODIFICACIÓN A ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES".

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as doce horas e vinte minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe.



Silleda, a 28 de xaneiro de 2020

Vº e Prace
O ALCALDE,
Asdo. Manuel Cuiña Fernández

O SECRETARIO acctal. (Decreto 08.03.2019)
Asdo. David García Lareo

